




1ª tarefa (individual). Procura o significado dos seguintes pares de conceptos no libro de texto e a través das TIC: Norte / Sur; Centro / Periferia; PIB per cápita / IDH; Sustentabilidade / Consumismo; Estado Social de Benestar / desregulación e libertade de mercados.

Describe as realidades económicas e sociais opostas ás que se refiren utilizando a crítica que trasmiten as seguintes imaxes (de *La voz del muro*, Pawel Kuczynski & John Holcroft, c.a. 2014).



2ª. tarefa a realizar por grupos

1º. Grupo: Consulta o Google Earth e escolle imaxes de dúas cidades, unha galega e outra de Senegal que permitan explicar a realidade económica e social desas poboacións.

Procura na rede datos actualizados sobre a renda per capita, a esperanza de vida e o Índice de Desenvolvimento Humano (IDH) en Senegal e en Galicia.

Elabora un informe recollendo as semellanzas, diferenzas e causas do desigual desenvolvemento de ambas as dúas sociedades.


2º. grupo: Compara as situacíons reais que reflecten os seguintes documentais: [A porta datrás de Ana Palacios](#) sobre a [escravitude infantil en África](#), [Pido para un chanel](#) de Yolanda Domínguez e [Binta e a grande idea](#) de Fresser. Argumenta as causas desas situacíons e as consecuencias das mesmas no mundo globalizado.

3º. grupo: O alumnado elaborará un informe individual sobre as características das migracións no mundo actual despois de ler a novela *Lúa do Senegal* de A. Fernández Paz (Xerais, 2009), os relatos gráficos do libro *Nómades* de J. Tomás (Galaxia, 2011).

3ª tarefa. Visionado dos documentais [Como surgió la inmigración?](#) e [El viaje de Said](#).

Posteriormente, dedicarán 20' á elaboración dun documento por cada grupo no que recollan: o que aprenderon, as dúbidas e as discrepancias entre os membros do grupo.

Visionado na aula do documental *Emigrantes en terra de emigrantes* de Jorge Algora. Posta en común final para contrastar as reflexións individuais cos datos das seguintes gráficas.



4ª tarefa. Elaborar informes sobre a situación actual do sector pesqueiro e conserveiro galego nos mercado globalizados partindo da consulta dos seguintes sitios: a competencia das [macroplantas de conserva de peixe no Pacífico](#), as [características da flota pesqueira galega](#) en antiguidade, arqueo e potencia.

